



Con data 22 de abril de 2019 o Sr. Alcalde ditou resolución do seguinte teor literal:

" RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO

De acordo co disposto no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e o art. 80 do Real Decreto Lexislativo 2568/1986, de 23 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Funcionamento, Organización e Réxime xurídico das Entidades Locais, esta alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO.- Convocar á Sesión Ordinaria do Pleno Corporativo a celebrar o vindeiro xoves día 25 de abril ás 20:00 horas, e dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria en caso de non existir o quórum esixido na primeira, no Salón de Sesións da Casa do Concello, a fin de resolver os puntos incluídos na seguinte:

ORDE DO DÍA

A) Parte resolutiva:

1º.- Aprobación, se procede, de borradores de actas de sesións anteriores:

- Ordinaria nº 3/2019, de 28/03/2019.
- Extraordinaria nº 4/2019, de 01/04/2019.

2º.- Expediente 620/2019. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de aprobación crédito extraordinario nº 4/2019 (Modificación de créditos 9/2019) financiado con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.

3º.- Ditame favorable da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal do 22/03/2019 relativo a negociación coa Sareb e Servihabitat para adquisición de fincas sitas na rúa Ourense, sentido Norte.

4º.- Ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos Municipais realizada o día 22/04/2019 de aprobación de designación de vogal na Mesa de Contratación do contrato de "Servizo de limpeza de edificios e instalacións dependentes do Concello de Tui."

5º.- Expediente 815/2019. Ditame favorable da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal realizada o día 22/04/2019, de proposta de Alcaldía, de data 11/04/2019, de aprobación de expediente de crédito extraordinario nº 6/2019 (modificación de créditos 12/2019) de Conservación e rehabilitación da Edificación - axudas para rehabilitación de vivenda aos damnificados explosión Paramos.

Concello de Tui

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



6º.- Expediente 857/2019. Ditame favorable da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal realizada o día 22/04/2019, de proposta de Alcaldía, de data 15/04/2019, de aprobación de bases reguladoras e anexos da concesión de prestación de carácter económico para reparación de danos en vivendas da denominada "Zona Cero" situada en barrio da Torre, Parroquia de Paramos."

7º.- Expediente 851/2019. Proposta de Alcadia, de data 12/04/2019, de aprobación de expediente de crédito extraordinario nº 7/2019 (modificación de créditos 13/2019) de Protección e xestión do Patrimonio Histórico - Reurbanización e Humanización da Praza Fromista 2018.

8º.- Expediente 844/2019. Ditame favorable da Comisión Informativa de Honores e Distincions realizada o día 22/04/2019, de proposta do concelleiro de Cultura e Patrimonio, de data 12/04/2019, instructor do expediente para o cambio de denominación da rúa Paseo General Mola polo nome de Paseo Familia Alvarez Blázquez.

9º.- Expediente 2987/2018. Ditame favorable da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal realizada o día 22/04/2019, de Proposta de Alcaldía, de data 11/04/2019, de concesión de bonificación de ICIO por solicitude de obras de afectados pola explosión de Paramos."

10º.- Expediente 354/2019. Dittame favorable da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal realizada o día 22/04/2019, de proposta da Alcaldía, de data 11/04/2019, de concesión de bonificación do ICIO por obras de reforma en Torre Xudeu sita na rúa Tide, nº 3."

11º.- Expediente 2649/2017. Proposta de Alcaldía, de data 28/02/2019, relativa a expulsión de concelleira do partido político Alternativa Popular de Tui (APTUI) e pase a concelleira non adscrita da concelleira María Jesús Da Silva Fernández.

12º.- Mocións de Urxencia.

B).- Actividade de control:

13º.- Disposicións de interese meses de febreiro, marzo e abril de 2019.

14º.- Dación de conta de resolucións de Alcaldía do nº 75 de 25/01/2019 ata o nº 218 de 20/02/2019; do nº 219 de 21/02/2019 ata o nº 332 de 21/03/2019; do nº 333, de 22/03/2019 ata o nº 483, de 17/04/2019.



15º.- Dación de conta informe morosidade 3º Trimestre exercicio 2018 ao abeiro da Lei 15/2010 e período medio de pagamento global a provedores (PMP) 3º Trimestre exercicio 2018 ao abeiro do Real Decreto 635/2014.

16º.- Dación de conta informe morosidade 4º Trimestre exercicio 2018 ao abeiro da Lei 15/2010 e período medio de pagamento global a provedores (PMP) 4º Trimestre exercicio 2018 ao abeiro do Real Decreto 635/2014.

17º.- Dación de conta execución trimestral 3º Trimestre orzamento 2018 ao abeiro da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril.

18º.- Dación de conta execución trimestral 4º Trimestre orzamento 2018 ao abeiro da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril.

C).- Rogos e preguntas:

19º.- Rogos e preguntas.

SEGUNDO.-Notificar a presente Resolución aos concelleiros advertíndolles que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do citado RD 2568/1986, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

TERCEIRO.- Que pola Secretaría municipal se poña a disposición dos Concelleiros a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando a convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, no seu caso."

O que se comunica para coñecemento e efectos.

Tui, o alcalde, Carlos Vázquez Padin.

Documento asinado dixitalmente á marxe.